



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun proxecto para o estudo da delimitación competencial no ámbito da Administración Local de Galicia

1. Departamento que tramita o convenio

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas estatutariamente, entre outras, competencias exclusivas en materia de réxime local, correspondéndolle para os ditos efectos o desenvolvemento de políticas públicas para garantir un axeitado desenvolvemento das obrigas legais.

Pola súa banda, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, en relación co Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuída.

Dentro deste departamento, o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local (DXAL). A este centro directivo correspóndelle, en particular, as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

En particular, son competencias da DXAL o impulso, estudo e control do cumprimento da Lei de Administración local de Galicia e demais normativa de réxime local, así como o exercicio das competencias que nesa materia lle correspondan á Xunta de Galicia.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ten previsto asinar coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio para o estudo da delimitación competencial no ámbito da Administración Local de Galicia.

Como quedou exposto no punto 1 anterior, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo está configurado como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local e conta, para o exercicio destas competencias, coa DXAL.

As competencias municipais veñen reguladas nos artigos 2 e 25 a 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. É precisamente o primeiro dos preceptos legais citados o que, recollendo o principio da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, prevé que a lexislación estatal ou autonómica deba asegurar aos concellos o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e a capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A reforma do sistema competencial realizado a través da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade financeira da administración local, supuxo principalmente a eliminación das competencias complementarias, ademais dunha nova configuración das competencias delegadas polo Estado e pola Comunidade Autónoma. Pretendeuse así clarificar as competencias municipais e evitar duplicidades da mesma competencia con outra Administración Pública e, asemade, garantir a sustentabilidade financeira das entidades locais, asegurando que estas non asuman máis competencias que as que poidan financiar cos recursos dos seus orzamentos.





Porén, a propia LRSFAL abre a vía ao exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación *cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos de sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública*. A esixencia dun informe previo da Administración competente por razón da materia, no que se sinala a existencia de duplicidades é a base legal para a emisión dos informes de duplicidade emitidos pola Xunta de Galicia por pedimento dos concellos para o desenvolvemento das súas iniciativas e proxectos en materias que a normativa vixente non recolle no catálogo de competencias propias.

Finalmente, no exercicio da competencia exclusiva que, en materia de réxime local, ten atribuída polo artigo 27 do Estatuto de Autonomía, a Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, adoptou unha serie de medidas en desenvolvemento da normativa básica, *necesarias para a aplicación efectiva da reforma e en garantía tanto da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das entidades locais coma da eficiente prestación do sistema de servizos públicos existente na Comunidade Autónoma, evitando que a inexistencia dunha normativa de desenvolvemento produza resultados indesexables ou disfuncionalidades no funcionamento dos indicados servizos públicos que prexudiquen a cidadanía*.

Malia o esforzo de clarificación realizado polo lexislador básico e autonómico, na actualidade seguen a existir supostos en que a distribución das competencias no plano administrativo entre a administración autonómica e os concellos non está ben definida. Tanto aquela como estes teñen a percepción de que están a exercer algunhas competencias que poderían non corresponderlles, coa conseguinte distorsión do marco competencial e do sistema de financiamento do exercicio de tales competencias, en prexuízo do correcto funcionamento do sistema de organización territorial no seu conxunto.

Esta situación tense agravado polas consecuencias que está a producir sobre as diferentes administracións públicas a xestión da crise sanitaria e económica provocada pola pandemia da Covid-19. Esta crise fai xurdir novas necesidades sociais ás que deben atender as administracións públicas, sen que en ocasións estea claro a quen corresponde a competencia, e incrementa o custo da prestación de moitos servizos públicos. Todo isto esixe tamén unha análise específica do cadro de distribución das competencias máis vinculadas á reacción fronte á pandemia.

3. Finalidade

Con fin de instrumentar unha subvención para a realización dun estudo da delimitación competencial no ámbito da Administración Local de Galicia, tense previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 31 de xullo de 2021.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización dun estudo da delimitación competencial no ámbito da Administración Local de Galicia

5. Fundamentos do convenio

Dada a experiencia e capacidade que ten acumuladas a Universidade de Santiago de Compostela na materia, en especial o grupo de investigación multidisciplinar GI-1876, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ten especial interese en colaborar con esta entidade no estudo sobre delimitación e atribución de competencias dos concellos de Galicia, que está desenvolvendo o citado grupo de investigación, establecendo un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

O obxectivo común é aproximarse a unha clarificación da distribución competencial entre administracións territoriais, identificando as duplicidades funcionais e, sobre todo, identificando as competencias que deben





asumir os concellos en virtude da lexislación vixente; traballo de investigación que a Vicepresidencia primeira e Consellería considera de interese xa que redunda en beneficio da mellora do funcionamento da Administración local galega.

Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é levar a cabo un traballo de identificación, compilación, clasificación e catalogación da delimitación competencial das administracións territoriais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o que se fai preciso un coñecemento técnico e unha especialización na materia que acredita posuír o grupo de investigación multidisciplinar “Empresa e Administración” (GI-1876) da USC que ademais está a desenvolver unha liña de investigación específica nesa materia.

6. Aplicación orzamentaria e importe.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegaralle á Universidade de Santiago de Compostela a cantidade máxima de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.444.0 recollida no proxecto de Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Esta achega fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, polo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada. De ser o caso, o financiamento público unicamente deber ser reintegrado polo importe que supere o custo total da actividade.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

7. Tramitación anticipada do expediente de gasto

Este convenio tramítase como expediente anticipado de gasto, ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e existe crédito adecuado e suficiente no proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2021, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 20 de novembro de 2020.

Asemade estará sometido ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, o crédito previsto para o financiamento do convenio queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 para financiar as obrigas derivadas del.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

Documento asinado dixitalmente á marxe

